



MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 05/10/2018.

Na vila de Vimianzo, ás vinte horas e dous minutos do día cinco de outubro de dous mil dezaioito, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D.^a Marta Rey Lema
D.^a María Élda Pequeño Lorenzo
D.^a Estephanie Castro Oanes
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Mario Andújar Mouzo
D.^a Paula Mouzo Maceiras
D.^a Raquel Rodríguez Amigo
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Non asiste:

D. José Antonio Vidal Mira

Secretaria: D.^a María Cristina Varela García (secretaria do Concello de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

Interventora: D.^a Manuela Barcia Vázquez (interventora do Concello de Outes en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo)

O alcalde explica o motivo de que esta sesión se retrasara unha semana: a celebración do I Simposio "O castelo de Vimianzo ao longo dos séculos", que tivo lugar os días 28 e 29 de setembro de 2018 e requiriu da presenza do alcalde, así como a viaxe organizada pola área de benestar social, que requiriu a presenza da concelleira delegada, e da que regresaron esta semana.

Desculpa ao concelleiro José Antonio Vidal Mira, que non puido asistir por razóns persoais.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación *ope legis* da acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

A Sra. Mouzo Maceiras quere facer constar a súa petición de que se redacten as intervencións dos concelleiros o máis completas posible, porque nunha delas remata con puntos suspensivos e ella dixo bastantes máis cousas.

A secretaria aclara que na acta se recollen as opinións sintetizadas, tal como dispón o ROF, non se recollen literalmente porque a normativa non as concibe coma un diario de sesións. Non obstante, toma nota da petición.



Non formulándose ningunha observación, queda aprobada a acta da sesión ordinaria celebrada o 27 de xullo de 2018.

2. Modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario, expediente n.º 2018/CE/03.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 27 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Considerando a posibilidade de aplicar os maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a aprobación dunha modificación de crédito mediante a modalidade de crédito extraordinario.

Visto o informe de Intervención, no que se pon de manifesto o cumprimento dos requisitos previstos na normativa e de conformidade co disposto no artigo 177 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 2018/CE/03 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario con cargo ós maiores ingresos recadados, cuxo detalle é o seguinte, de acordo co seguinte resumo por capítulos:

Orzamento de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición da actuación	Euros
161	609.00	Abastecemento. Outras inversións novas en infraestr. e bens uso xeral.	95.200,00 €
171	609,00	Parque e xardíns. Outras inversións novas en infraestr. e bens uso xeral.	20.000,00 €
171	635.00	Parque e xardíns. Mobiliario.	50.000,00 €
342	210.00	Instalacións deportivas. Infraestructuras e bens naturais.	25.000,00 €
342	227.99	Instalacións deportivas.. Outros traballos realizados por empresas e profesionais.	15.000,00 €
453	21000	Carreteras. Infraestructuras e bens naturais.	309.000,00 €
453	60900	Carreteras. Outras inversións novas en infraestr. e bens uso xeral.	603.000,00 €
TOTAL GASTOS			1.117.200,00 €



Orzamento de ingresos:

Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
29000	ICIO	950.000,00 €
32100	Licencias urbanísticas	167.200,00 €
	TOTAL INGRESOS	1.117.200,00 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O Alcalde

Manuel Antelo Pazos"

O alcalde explica que estes ingresos do parque eólico vanse investir sobre todo en mantemento de estradas, ao que se adican máis de 600.000 euros, tal como se recolle na memoria da Alcaldía. Outra das iniciativas é a mellora da pavimentación interna dos núcleos rurais, sobre todo os que contan con abastecemento de auga e sumidoiro. Despois hai outras iniciativas importantes, como o saneamento en Vilaseco, reposición de parques infantís, hai que empezar a traballar na construción dunha piscina climatizada, cun planteamento de execución por fases, e para iso cre que debemos adaptar a piscina que xa temos, por eso se adican cartos á redacción do proxecto básico e a arranxar as deficiencias do vaso. Tamén se prevé unha actuación na contorna da escola de Berdoias.

A concelleira do PSOE di que todo o que sexan obras está moi ben, e o alcalde pode estar contento porque estes tres anos as obras que se fixeron foi grazas aos cartos da Deputación. Van 603.000 euros en 19 actuacións e quere saber de cantos kilómetros falamos, e se realmente o previsto é suficiente. Teñen actuacións recentes que cando empece a chover a ver como responden, e cita o Mosquetín, da Lagoa ao Careixo, etc. É importante facer boas actuacións, non moitas.

Continúa a Sra. Mouzo Maceiras dicindo que o alcalde fala de cinco núcleos (Moreira, Casais, Tufións, A Valiña e Santa Comba), pero hai que saber de que obras falamos. Van estar atentos a ver o que se fai. Cre que o saneamento en Vilaseco deixa casas fóra. Non saben o que se vai facer con eses 150.000 euros en parques. En Berdoias a obra é necesaria pero clama ao ceo un saneamento. E para rematar considera que hai que ver ata que punto é viable converter a piscina municipal nunha piscina cuberta, pois haberá que ver como están os pilares.

A concelleira do PP di que lle parece moi ben que se invista en mellorar as infraestruturas do concello e agarda que non se queira repartir moito e facer pouco, que se vexa que están traballando en todos os sitios. Pide que se estuden as actuacións e se destine o orzamento necesario.

O concelleiro de TEGA sinala que son moitos cartos e moitas obras, pero bota en falta unha partida para o PXOM, xa que teñen presente na sala de sesións a unha persoa moi afectada. Hai que darlle un empurrón a Vimianzo porque de noite parece o Valle dos Caídos. Parece que a Xunta colaboraría na redacción dun PXOM, e acusa ao alcalde de non ter feito nada en oito anos, e cando estaba na oposición ben que o esixía. Sinala que o Sr.



Mancebo anda por aí máis que o alcalde e ben sabe que fai falla. Tamén escoitou que a Deputación vai dar 226.000 euros para o castelo, o que lle parece estupendo, pero en Padreiro fai moita falla unha senda para que a xente poda camiñar pola estrada provincial sen perigo. Dende Olveira ata a ponte Olveira teñen tres metros de ancho para poder pasear. Considera que debería facerse unha senda dende Regoelle a Baíñas para que os de alí podan ir andando a Baíñas. Pide sentido para facer ben as cousas e anhear os camiños porque seis metros para os tractores que andan ensilando non chegan. Non vai apoiar esta proposta porque hai moitas actuacións que se podían incluír e non están aí.

A concelleira de IxV afirma que se recibiron eses cartos e agora inclúense no orzamento para facer as actuacións que propón o goberno. O que hai neste momento son memorias, non proxectos, e son obras pre-electorais. Debería haber un consenso cos veciños e coa Corporación en lugar de parchear antes das eleccións. Botan en falta obras que perduren no tempo. Invita aos veciños a que vaian ver as últimas obras que se fixeron, como a que se está executando en Cambeda, a da rúa Tras do Muíño ou o saneamento na Piroga. Non deixan de ser parches. Cando se encarga un proxecto hai que saber o que se quere, e este goberno na estrada A Piroga-Baíñas foi facendo tramos, pero non arranxou ningunha ponte (nin a de Quitiande nin a de Pasarela a Calo, que pediu o PSOE no 2016). Estas inversións xa tiñan que estar no orzamento do 2018. Se as estradas foran doutro xa estaríamos manifestándonos pedindo que as arranxaran. Son obras necesarias, non teñen nada en contra, pero os veciños precisan obras que perduren, non barnices.

O alcalde di que diante desta actitude só cabe unha alternativa: ou se invisten estes cartos ou non se invisten. Un goberno serio ten que investir estes cartos. Hai que ter un mínimo de coherencia, non loubar unha obra e criticar outra. O criterio do goberno é investir en todas as parroquias, non nunha. Dentro destes 600.000 euros hai moita casuística, e non precisamos facer autopistas, senón manter o que temos. Non se trata de pasar á posteridade, senón de facer obras que queden. É o discurso de sempre da oposición, non hai novidade ningunha. Teñen que levar a contraria porque sí. Criticar unha obra antes de coñecer o proxecto é increíble. Recoñece que houbo un problema na estrada Baíñas-Olveira e están agardando a que se asente.

Di o alcalde que foron o único goberno que modificou as Normas Subsidiarias por interese público. Oxalá a Xunta colaborase cos concellos, pero hai que ver o que lle aconteceu a Carballo e a Muxía recentemente co PXOM, que llo acaban e anular. Non están en contra do PXOM, pero coas modificacións das NN.SS. están marcando as liñas do futuro PXOM. Antes o goberno gastou 300.000 euros en facer o PXOM e nin se sabe a onde foron porque a empresa non entregou os traballos. Continúa dicindo que estes días está de actualidade Castelao pola obra “A deirradeira leición do mestre”...

O Sra. Rodríguez Blanco di que están máis de actualidade os cataláns.

O alcalde pide respecto e di que aquí se critican as obras antes de facelas, durante a súa execución e despois de rematalas.

O concelleiro de TEGA di que na estrada Baíñas-límite con Dumbría houbo accidentes, caeron tres postes, ou o alcalde non o sabe...

O alcalde volve a pedir respecto e formula un primeiro aviso. Sinala que se acertou coa senda en Vimianzo, pero por desgraza en Regoelle non hai xente...

Os concelleiros de TEGA e PP responden : “como que non hai xente?”

O alcalde faille unha segunda advertencia ao Sr. Rodríguez Blanco e a primeira á Sra. Rodríguez Amigo pola interrupción. Segue explicando que na rúa Tras do Muíño se fixeron arranxos e queda pasar unha capa de rodadura. En Ogás están facendo unha obra que xa prometera o anterior goberno. As obras son necesarias e hai que apoialas todas. Recoñece que hai obras pendentes, e iran se facendo. Mal goberno serían se meteran os cartos no banco.



Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por sete votos a favor de Adiante Vimianzo, cinco abstencións e IxV e grupo mixto e ningún voto en contra, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

3. Elección de Xuíz de Paz titular e substituto.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 27 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Proposición sobre a elección de Xuíz de Paz titular para o Xulgado de Paz de Vimianzo (A Coruña).

Visto o escrito (RE 3577, de 6/06/2018) remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na Coruña, no que comunican que próximo a vecer o período de catro anos polo que se nomeou o xuíz de paz titular deste municipio, na reunión celebrada pola Sala de Goberno do TSXG, para que se comecen, no prazo de tres meses, os trámites para elección de novo xuíz de paz titular e que de non facelo se nomeará directamente pola antedita Sala de Goberno; iníciense, por providencia da alcaldía de data 24/07/2018, os trámites para levar a cabo a elección de xuíz de paz titular para o Xulgado de Paz de Vimianzo (A Coruña).

Consta no expediente publicación do anuncio de apertura do proceso de selección de xuíz de paz titular, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.144, do 31/07/2018, na páxina web e taboleiro de edictos do concello, extracto no xornal La voz de Galicia (edición Bergantiños) en data 01/08/2018 e remitido ao xulgado de paz e ao xuíz-decano de Corcubión para a súa exposición pública.

Dentro do prazo de presentación de solicitudes, segundo consta no informe emitido polo encargado do rexistro, en data 24/08/2018, presentaron solicitude as seguintes persoas:

- D^a. Sonia Rodríguez Pazos (RE 4848/18, de 01/08/2018)
- D^a. M.^a Esther Salgado Miñones (RE 4948/18, de data 07/08/18)
- D^a.Cruz Touriñan Martínez (RE 4972/18, de data 07/08/2018)
- D^a.María del Carmen Pastoriza (RE 4986/18, de data 08/08/2018)
- D. Armando Oreiro Aguiar (RE 5030/18, de data 10/08/2018)
- D. José Manuel Carballo Soneira (RE 5034/18, de data do 10/08/2018)
- D.^a Teresa Santos López (RE 5036/18, de data 10/08/2018)
- D^a.María Belén Lema Lema (RE 5037/18, de data 10/08/2018)
- D^a. Ximena Romero Carrera (RE 5074/18, con data do 14/08/2018)
- D^a María Consuelo Trillo Ogando (RE 5078/18, de data 14/08/2018),
- D^a. Sonia Amigo Trillo (RE 5080/18, de data 14/08/2018)

Consta informe do encargado do rexistro, de data 25/09/2018, no que consta que as seguintes persoas achegaron documentación en relación ao requirimentos feitos por providencias da alcaldía de data 10/09/2018 (RS 3047, 3048, 3049, 3050, 3051, 3052 e 3053), en relación á subsanación da documentación presentada:

- D^a.María Belén Lema Lema (RE 5585/18, de data 11/09/2018)
- D. José Manuel Carballo Soneira (RE 5683/18, de data do 17/09/2018)
- D^a.Cruz Touriñan Martínez (RE 5602/18, de data 12/09/2018)
- D^a. Ximena Romero Carrera (RE 5804/18, con data do 21/09/2018)
- D^a María Consuelo Trillo Ogando (RE 5572/18, de data 11/09/2018):



-D^a. M.^a Esther Salgado Miñones (RE 5600/18, de data 12/09/18):

Non constan achegadas declaración xuradas de non estar incapacitado para o exercicio da carreira xudicial e de non estar incurso en causa de incompatibilidade.

-D^a. María del Carmen Pastoriza (RE 5570/18, de data 11/09/2018)

-D^a. Sonia Amigo Trillo (RE 5675/18, de data 14/09/2018)

Á vista das anteditas solicitudes presentadas polos aspirantes a ocupar o posto de xuíz/a de paz titular do Xulgado de Paz do Concello de Vimianzo (A Coruña) e tendo en conta os requisitos establecidos no art. 303 da Lei orgánica do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de Xuíces de Paz; así como o establecido nos art. 101 e seguintes da Lei orgánica do Poder Xudicial, respecto ao seu nomeamento.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Propoñer, como xuíza de paz titular do Xulgado de Paz de Vimianzo, a D^a Sonia Amigo Trillo, con DNI 79327973F, ao considerar que reúne as condicións de capacidade e compatibilidade esixidas pola lexislación aplicable e suplente a D^a. Cruz Touriñán Martínez, con DNI 79320402A.

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que asino en Vimianzo

O alcalde
Manuel Antelo Pazos”

O alcalde di que un concelleiro ten que absterse porque ten relación de parentesco con unha das persoas que se propón para o cargo de xuíza de paz.

O Sr. Trillo Lema abandona a sala de sesións.

O alcalde explica que houbo moita participación para optar a este cargo, a pesares de que non é un posto de traballo, e son persoas moi válidas. O goberno presenta unha proposta e gustaríalle que a oposición entenda esta proposta de consenso para que teña o respaldo da Corporación. Na comisión non se fixeron propostas e gustaríalle que apoiaran a do goberno.

A concelleira do PSOE considera que podería haber máis participantes se houbera máis difusión por parte da Alcaldía.

A concelleira do PP, parafraseando ao alcalde, di que non poden criticar o que non coñecen. Non teñen nada que obxectar pero gustaríalles que antes de tomar a decisión se contara con eles. Puntualiza que non consideran que as persoas propostas non estean cualificadas, pero trátase dun cargo remunerado e chóccalle que sexan a nora dun concelleiro e outra persoa que foi na lista do BNG. Descoñece os criterios que levan ao goberno a propoñer a estas persoas, máis aló dun favor político.

O concelleiro de TEGA di que Raquel xa deixou claro a que xogan e cualifica de vergoñenta a actitude do goberno e pide que rectifique, aclarando que non ten nada en contra destas dúas persoas, que van quedar marcadas sen necesidade ningunha. Pide que deixen sobre a mesa este asunto e se reúnan.

A concelleira de IxV di que este pleno tiña que celebrarse o venres pasado, e o motivo do retraso eran os números para sacar este punto, xa que non tiñan a maioría absoluta. O venres pasado houbo veciños na porta, non se avisou de que se cambiaba a data.



O alcalde prégalle que se ataña á orde do día e fale do punto.

A Sra. Rodríguez Ordóñez lembra que na lexislatura pasada se fixo votación segreda e agora o alcalde quere impoñer a dúas persoas, das que non ten nada que dicir porque son moi válidas. Na comisión informativa non dixo nada de chegar a un consenso, pero algo pasou a última hora porque o alcalde primeiro rompe tazas e despois trata de pegalas.

O alcalde aclara que o que dixo é que non era un emprego, e aclara que as persoas propostas xa teñen unha nómina. Pide que a secretaria lea a acta da comisión.

A secretaria le as intervencións:

“O alcalde di que o concelleiro Trillo Lema ten que absterse porque ten parentesco por afinidade con unha das persoas interesadas neste expediente. Pregunta se ten que abandonar a sala de sesións.

A secretaria di que ten que absterse na deliberación e votación pero non ten porque saír, sempre que non inflúa no voto de ningún dos presentes.

O alcalde explica que a figura do xuíz de paz é de mediación, que non é un cargo remunerado profesionalmente, pero aínda así nesta convocatoria se presentaron 11 solicitudes. Explica que é o deber do grupo de goberno presentar unha proposta e eso fan, aínda que queren que haxa consenso e se alguén ten algo que dicir ou quere propoñer a outra persoa, adiante.

O Sr. Rodríguez Blanco di que xa dirán algo para o pleno, non agora.

Non se producen máis intervencións.”

O alcalde lembra que comezou dicindo que había que chegar a unha proposta de consenso, pero queda claro que as dúas persoas propostas xa están descartadas, polo tanto queda o punto enriba da mesa e xa se abordará.

A concelleira de IxV pregunta porque non se vota.

O alcalde repite que non se vota porque non hai consenso, tal como pediu ao comezo.

A Sra. Rodríguez Ordóñez afirma irónicamente que esta é a transparencia e a democracia deste goberno, que non vota porque non ten maioría.

O alcalde di que na comisión ben puideron facer aportacións.

A concelleira de IxV pide que consta en acta que se lle nega a votación e di que non deixe fóra ao Sr. Trillo Lema.

O alcalde di que ella disto sabe moito.

4. Modificación da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de setembro de 2018 (rectificada o 2 de outubro de 2018), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo. Expte. 2018/X999/000064.



Vista a ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo (BOP n.º 27 do 08.02.2017). Dende a súa entrada en vigor hai algo máis de un ano, unicamente se presentou unha comunicación previa por parte dunha empresa madeireira, o que supón un incumprimento reiterado das obrigas establecidas na ordenanza por parte das empresas do sector que operan en Vimianzo. Segundo as empresas do sector, o motivo deste incumprimento é o elevado importe da garantía fixada polos servizos técnicos municipais.

Tendo en conta que o obxectivo do Concello coa aprobación desta ordenanza é acadar un maior control sobre as actividades de corta e saca de madeira, a efectos de poder reclamar a reparación dos danos causados ao viario municipal, considerase que esta finalidade pode acadarse establecendo os importes da garantía na propia ordenanza, en dúas modalidades: por saca ou anual. Polo exposto, propónse unha modificación da ordenanza neste sentido, modificando o artigo 7.

Visto o informe emitido pola secretaría municipal o 26 de setembro de 2018, ao abeiro do disposto no art. 3.d) apartado 1º do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o regulamento do réxime xurídico dos funcionarios con habilitación nacional.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar social, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Vimianzo, consistente en:

Artigo 7.- Garantía

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha garantía en metálico ou aval bancario a favor do Concello co obxecto de responder das obrigas contidas nesta ordenanza. A contía da fianza – que debe ser depositada coa comunicación previa – faise de dúas formas, a escoller pola empresa:

- Por saca: 400 euros*
- Anual: 3.000 euros*

2. Se a corta e retirada de madeira ten lugar no período estival (do 1 de xuño ao 30 de setembro), a contía da fianza será reducida nun 50%.

3. A fianza por saca será devolta unha vez comunicado o remate dos traballos, e verificado polo concello o estado do dominio público afectado polos mesmos.

4. A fianza anual será constituída coa primeira corta, e será devolta, previa solicitude da empresa, despois da última corta que comunique, e verificado polo concello o estado do dominio público afectado polos traballos da empresa.

(Apartados 5 en adiante igual)

Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Vimianzo, a 27 de setembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos

(documento asinado dixitalmente)

O alcalde explica que o obxectivo desta ordenanza é controlar as sacas de madeira, non impoñerlle unha carga económica ás empresas madeireiras, porque se coñecen ao autor da corta, poden reclamarlle os danos cando se



produzan. Sinala que queren incorporar a última hora unha modificación: un aval de 2.000 euros anuais en vez dos 3.000 euros que figuran no ditame. Agora non hai desculpa para non cumprir os trámites. Outro elemento que se introduce é a bonificación do 50% para as cortas no verán, porque cando máis se desfán as pistas é no inverno.

A concelleira do PSOE quere propoñer que se pida a documentación dos vehículos que traballan nas talas e tamén suxire que se habiliten zonas para cargar a madeira.

A concelleira do PP ve correcta a ordenanza para controlar os camiños. Consultou con empresas do sector e ven ben o sistema pero piden que dende o concello se faga un seguimento do estado dos camiños.

O concelleiro de TEGA di que están dacordo en que se controlen os danos nas pistas e sinala que incluso se pode baixar o importe da fianza, porque o que interesa é que arranxen e 400 euros non chegan a nada. Quere saber quen tramita estes expedientes no concello e canto vai tardar o concello en comprobar que as pistas están ben para devolver as garantías.

A concelleira de IxV pregunta se hai un organigrama no concello de quen vai facer estas tarefas.

O alcalde di que non ten inconveniente en incorporar a proposta do PSOE e esixir a documentación dos vehículos.

A secretaria di que a Lei 39/2015 dispón que se deben alixear as cargas administrativas aos interesados, e polo tanto non procede esixir documentación innecesaria para os fins que se pretenden.

O concelleiro de TEGA sinala que con saber quen é o madeirista é suficiente, non é preciso saber que vehículo foi.

O alcalde non quere que o PSOE pense que non se teñen en conta as súas aportacións.

Non se producen máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, coas modificacións indicadas, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

A concelleira do PP pide permiso para abandonar a sesión por un problema persoal ás 20:58 horas.

5. Festivos locais ano 2019.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: designación de festivos locais para o ano 2019

Tendo en conta que a Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar ven solicitando aos concellos da provincia a determinación dos días festivos locais correspondentes ó ano seguinte, información que debe ser remitida antes do 15 de outubro de 2018.

Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2019 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- a) 22 de xaneiro (San Vicenzo)
- b) 12 de agosto (festas de verán)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña para o seu coñecemento e efectos oportunos.



Vimianzo, 27 de setembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

6. Acordo sobre a petición de concentración parcelaria na parroquia de Carantoña.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de setembro de 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais reunida o 2 de outubro de 2018, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: apoio á petición da veciñanza de Carantoña do inicio do proceso de mellora da estrutura territorial agraria da súa parroquia.

Con data 26 de setembro de 2017 remítiuse á Xefatura Territorial de Medio Rural da Coruña escrito dos veciños e veciñas de Carantoña solicitando que se iniciara o proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na súa parroquia.

Nese oficio de remisión dábasete traslado do apoio da Alcaldía a esta solicitude.

Tendo en conta o interese público desta iniciativa e o grande beneficio que significaría para a xestión do territorio, a actividade agrícola e gandeira, así como a gran repercusión social deste proceso, esta Alcaldía considera de interese o apoio do Pleno da Corporación municipal, para que por parte da Consellería de Medio Rural se atenda esta demanda veciñal e se leve a cabo o que se solicita. Tendo en conta o anteriormente exposto, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo apoia a petición dos veciños e veciñas de Carantoña pola que se solicita á Consellería de Medio Rural o inicio do proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na súa parroquia.

Segundo.- O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo solicita a á Consellería de Medio Rural o inicio do proceso de carácter público de mellora da estrutura territorial agraria na parroquia de Carantoña.

Terceiro.- Trasladar este acordo á conselleira de Medio Rural e á Xefatura Territorial da mesma na Coruña.

Vimianzo, 27 de setembro de 2018

O alcalde

Manuel Antelo Pazos”

O alcalde explica que o 90% dos veciños asinaron a favor da solicitude de mellora da estrutura agraria hai un ano e vai sendo hora de que a consellería explique que pasa co procedemento.



A concelleira do PSOE propón ao goberno que fale cos veciños das parroquias de Berdoias e Castrelo para pedir a concentración nestas parroquias.

O alcalde responde que están falando sobre unha iniciativa concreta dos veciños de Carantoña. Se cadra nesas parroquias non hai esa iniciativa. Pon o exemplo de que houbo xente en Castrelo que non quixo ceder para a senda. Pide que non se lle quite mérito á xente de Carantoña. Descoñece se en Berdoias queren concentración, de feito ata hai pouco xa a había, pois era toda a parroquia dunha familia.

Non se producen máis intervencións por parte dos grupos municipais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

B) Sección de control

7º. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no BOP:

- BOP n.º 143 do 30.07.2018, aprobación definitiva de modificación da ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Vimianzo;
- BOP n.º 166 do 31.08.2018, anuncio de aprobación definitiva de expediente de modificación de crédito 2018/CE/01;
- BOP n.º 178 do 18.09.2018, anuncio de aprobación definitiva de expediente de modificación de crédito 2018/CE/02;
- BOP n.º 178 do 18.09.2018, anuncio de aprobación definitiva de expediente de modificación de crédito 2018/SC/01;

Asemade, dase conta da orde de aprobación definitiva da Modificación Puntual n.º 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Vimianzo, recibida neste concello o 04.09.2018 con rexistro n.º 5436.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia, isto é, dende resolución núm. 868/2018 do 23/07/2018 á núm. 1131/2018 do 02/10/2018.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

9º. Dación de conta do acordo de adxudicación do servizo de xestión de RSU do Concello de Vimianzo.

A secretaria da conta do acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 10.09.2018, polo que se adxudica o servizo de xestión de RSU do Concello de Vimianzo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

10º. Mocións.



O alcalde pregunta se hai mocións.

O concelleiro de TEGA di que ten unha moción, pois estes días saiu na prensa unha noticia sobre o peche de Lácteos Pérez, e hai moita xente que traballa nesa empresa e gandeiros que lle venden o leite. Pide que o Pleno lle preste o seu apoio a esa xente nas súas reivindicacións.

O alcalde di que non hai problema, pero sorpréndelle que ninguén se puxera en contacto co concello, como fixeron con outros concellos. Afirmo que a liña desta Corporación é apoiar aos traballadores, como fixeron con Ferroatlántica.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, ratifica a urxencia da moción, primeiro, e o seu contido, elevándoo a acordo nos termos plantexados polo Sr. Rodríguez Blanco.

11º. Rogos e preguntas.

O alcalde abre o turno de rogos e preguntas, comezando polo grupo mixto.

11.1. PSOE

A concelleira Paula Mouzo plantexa os seguintes rogos:

- 1º. Roga que se mire polo camiño de Romar ás Casas Novas, que está intransitable.
- 2º. Que se mire polo núcleo de Castromil, que está deteriorado.
- 3º. Que se mire por unha pista en Reboredo duns 300 metros na de José de Campo.
- 4º. Que se pinten os pasos de peóns e se mire pola seguridade viaria.

Formula as preguntas:

- 1ª. Para cando o punto de recollida de plásticos agrícolas en Baíñas?
- 2ª. Por que non se baleiran os colectores amarelos?

11.2. PP

A concelleira Raquel Rodríguez formula as preguntas:

- 1ª. As beirarrúas de Cambeda están rematadas na marxe dereita? Van quedar en zorra? No lado esquerdo hai formigón, e no dereito tramos de formigón e tramos de zorra. Xunta o cruceiro o bordillo vai retranqueado, eso vai quedar así? Critica a pouca planificación das obras e pregunta se está prevista unha segunda fase.
- 2ª. Hai un inmovible no Orbellido en perigo de derrumbe, falon varias veces coa concelleira María Xosé e non sabe porque non se actúa.
- 3ª. Por que non se recollen os colectores amarelos?
- 4ª. Pensan facer algún tipo de mantemento no campo de fútbol? Da vergonza.
- 5ª. O día da feira hai atascos no cruce de Camariñas, que pasa?

11.3. TEGA

- 1º. O concelleiro de TEGA di que sería importante que o alcalde respondera ás preguntas que ten o veciño na súa pancarta.
- 2º. Di que este mes pecharon tres negocios en Vimianzo. Sería importante crear unha comisión cos hosteleiros e opinar todos.



3º. É importante ampliar a estrada a Brandomil, sobre todo dende que se promociona o camiño real. Retoma a pregunta dos negocios e di que o mesmo está pasando na Piroga e acusa ao alcalde de acabar coa feira e agora ter follóns cos feirantes de Vimianzo. Pide que aguante do que temos.

4º. Pide que non poña na súa boca cousas que non dixo, porque non ten nada en contra das persoas propostas para xuízas de paz. Tanto predicou de Alejandro e fixo moito peor.

O alcalde dille que este tema xa foi debatido.

11.4. IxV

A concelleira de IxV comeza cos rogos:

1º. Que solicite á Xunta que faga o mantemento mínimo da variante vella da AC-432.

2º. Que se arranxe o acceso á Gandara de Lamas.

3º. O parque infantil fronte ao colexio de Baíñas está moi deteriorado.

4º. Detrás de Mavic aquilo parece unha selva.

5º. Pide unha pista de petanca en Carnés, pois varios veciños lle fixeron esta petición.

6º. Que se faga a delimitación de Lexas.

7º. Que por respecto e educación, cando cambie un pleno o comunique. Ten un secretario que todos pagan que ben pode mandar un email.

A continuación formula as preguntas:

1º. Os colectores dan vergenza, privatizou o servizo iniciando en marzo a licitación e non adxudicou ata outubro. Por que esa inoperancia? Critica que as prazas de Secretaría e Intervención só estean cubertas un día á semana.

2º. Temos barrendeiros en Vimianzo?

3º. O camiño de Reboredo estivo seis anos sen investigar. Agora canto vai tardar en adoptar outro acordo plenario?

4º. Reitera a crítica da obra de Cambeda e denuncia que os veciños non son todos iguais e queixáronse e houbo que retirar os bordillos.

5º. Invita a que lean un artigo de La Voz de Galicia sobre as adxudicacións do SAF que di que as licitacións low cost poñen en perigo os servizos sociais.

O alcalde dille que non faga mítins e se limite a facer as preguntas.

A Sra. Rodríguez Ordóñez cita o artigo, que afirma que non se debería contratar por menor de 16,80 euros e en Vimianzo está adxudicado en 13,40 euros. Está contento coa calidade dos servizos?

6º. A arquitecta interina segue ou renunciou á praza? Vai cubrila ou van seguir informando dende A Coruña?

7º. Cal é o motivo de que o baile social se licite por tres anos? Critica a súa privatización.

8º. Viu como está a senda de Calo a Pasarela? Colocou un banco e nin s eve debaixo da maleza.

9º. Critica o estado da pista de atletismo, na que se investiron máis de 25.000 euros hai un ano.

10º. Ao lado do campo de fútbol están acometendo obras. Consultouno cos usuarios? O descontento é importante.

11º. A que espera para arranxar o parque? Está tan deteriorado que vale a pena que o peche porque é un perigo para os nenos.

12º. En xullo reuniuse coa directivas das comisións de festas con motivo da entrada en vigor da nova lei. Prometiu facer esa reunión, cando a vai facer?

13º. Está rematada a cuberta do patio do CEIP San Vincenzo, hai vontade de que se fagan unhas obras anexas e cumpra a súa finalidade? Critica o deterioro do exterior do CEIP de Baíñas.

14º. Leva tempo parado o parque eólico singular do concello. Coñece a situación?

15º. Cando algo funciona ben é necesario que o alcalde poña a guinda, coma na feira?

16º. O alcalde cobra case 50.0000 euros anuais e en xullo pasou unha locomoción de 400 euros. Necesira gañar máis?



17º. Por que non remite ao xulgado a documentación que solicita da RPT? Ten algún interese en demorar ou faille como ao seu grupo cando pide ver documentación? Ten ata xaneiro para ver documentación que lle leva dúas tardes e dende maio está agardando a que lle remita documentación que solicitou.

18º. Cal é control dos servizos e suministros? Menos mal que Intervención pon reparos.

19º. Critica que a tenente de alcalde non a atendera nin lle devolvera a chamada por un asunto que lle pediu como veciña, menos mal que sí respondeu o Sr. Mancebo. Tampouco o secretario que pagan todos aclarou nin a data do pleno, cando teñen a obriga de responder.

20º. Canto custou o simposio? Nin os membros do goberno foron, e veciños non cre que foran cinco. Canto custaron os poñentes dunha ideoloxía concreta?

O alcalde adianta que non vai poder responder a todo.

A concelleira de IxV di que entón ten que facer un pleno cada mes.

O alcalde dille que agarda que no PSOE lle dean clases de educación e pide que lle deixe responder. Comeza respondendo ao PSOE que as súas propostas están moi ben e serán recollidas. Os arranxos das rúas estanse licitando e vanse pintar os pasos de peóns.

Co novo modelo de xestión do lixo a recollida de plásticos agrícolas vaise facer porta a porta. Co modelo de recollida selectiva o obxectivo é que en decembro onde hai un colector verde haxa tamén un amarelo. A empresa que recollía o amarelo entrou en concurso de acreedores e esta semana vanse baleirar. Pide unha tregua e que deixen rematar as obras, e aclara que a senda de Ogas ten unha segunda fase, pero hai que gastar os cartos con sentido común e non precisamos autopistas.

Os concelleiros de PP e TEGA din que segundo o alcalde non hai xente en ningures.

O alcalde continúa dicindo que do cruceiro teñen que falar con Patrimonio, que impuxo como condición non desfacer nin o muro nin o cruceiro.

A concelleira do PP di que a acera podía chegar máis adiante.

O alcalde di que non, que aquilo é o acceso a Cambeda, non unha autopista, e vaise pintar a estrada e marcar o arcén. A primeira fase fíxose xa sendo alcalde el, cun proxecto do anterior goberno, e houbo que modificar moitas cousas.

Di que lle chegou a petición de Orbellido, e espera que leven no seu programa electoral que as ruínas se manteñan. O mesmo se fixo cunha casa de Isabel Blanco Dopico que lle caíu un cacho de balcón.

Responde que o campo de fútbol está estupendo.

Os concelleiros de TEGA e PP interrompen.

O alcalde di que se queren poden pedir unha cunca de viño. Responde que se o campo de fútbol está sucio, hai unha persoa responsable da súa limpeza. A ver se son capaces de aplicar a lei de prevención de incendios.

O Sr. Rodríguez Blanco di que están falando da contorna do campo, non do campo.

O alcalde di que lle requiriron hai dous anos e volveuse a requirir esta semana.

Sinala que a Policía Local ten orde de regular o tráfico no cruce de Camariñas, se un día non o fixeron non ten queixas nese sentido.

Respecto dos problemas do comercio, o concello fai o que pode, agora están cunha campaña de promoción de vendas por internet. Se cadra á xente hai que darlle alternativas e facer unha reflexión se temos catro tendas de roupa xuntas.

Está en axenda facer unha senda na vía que une Baíñas e Olveira, pero máis ben se pensaba dende Santa Comba. Trasladou a necesidade de arranxar a variante da AC-432 cando lle viñeron pedir que a arranxara o concello. Entende que na vía de alta capacidade terán que darlle solución a todo eso. Tratarán de mellorar o parque do CEIP de Baíñas pero poucos nenos se ven nel porque o hai dentro do centro.

Fíxose unha reunión cos veciños para que se concienciaran que no solo urbano non pode haber árbores nin selvas e hai que facer cumprir a lei de prevención de incendios.

Respecto da delimitación de Lexas, nas NN.SS. semellaba que había un erro e a Xunta aclarou que prevalecía o plano de clasificación do solo e ese non ten dúbidas. Se cadra queren xogar con ela como quixeron xogar primeiro co alcalde.



O alcalde di que son tantas cousas e tantas interrupcións que xa se perde. Di que os colectores agora vanse limpar e se poden ver 400 facturas en dous minutos... Aclara que os 400 euros de locomoción son os billetes de tren a Santiago que pagou do seu peto dunha viaxe cos maiores que resultou estupenda.

Está orgulloso de ser alcalde de aldea, como lle chamou un conselleiro que foi candidato á Alcaldía de Santiago. Que lle falen de discriminación cando a el non lle limpaban o arró e agora queren darlle a volta cando a Andrés Soto non lle fixeron a beirarrúa... Todo o mundo cedeu para esa obra e se arrancaron os bordillos porque llo pediron os veciños e o goberno non é caprichoso.

Pide que falen ben dos profesionais, porque dicir que a oficina de urbanismo é un desastre pero acaban de aprobar unha modificación dun millón de euros que se financia con diñeiro dunha licenza.

O prazo de duración do contrato de baile social é unha previsión que considera razoable. A licitación do lixo estaba sometida a regulación harmonizada e eso fai que os prazos sexan máis longos e haxa que agardar quince días hábiles para formalizar, pero o importante é que se acaden os resultados previstos, como aconteceu co SAF, no que a única beneficiada persoalmente foi a concelleira de IxV.

A Sra. Rodríguez Ordóñez di que eso é mentira, e xa se encargou o alcalde de que marcharan a outro local.

O alcalde di que se aplicara ese criterio xa o tería feito antes.

A concelleira pide respecto e que non minta.

O alcalde repite que o SAF mellorou moito, triplicaron o número de horas e crearon máis postos de traballo. Pide que non acuse á empresa de malas prácticas.

No campo de fútbol fíxose unha pista para uso de todo o mundo, non para uso exclusivo dos futbolistas. Alégralle que recoñeza que o concello fixo unha proposta razoable para o patio cuberto do CEIP, que despois recortou a consellería. A quen lle ten que pedir esas obras anexas é á Xunta.

A concelleira do PP pregunta quen fixo o proxecto.

O alcalde di que o caso do máster de Casado non lle extraña e pide que se informe.

Un dos asistentes (Evaristo Blanco Blanco, sentado na primeira ringleira cunha pancarta) érguese e bérralle ao alcalde que teña respecto e conteste ás preguntas.

Á vista das interrupcións, o alcalde decide levantar a sesión, sendo as 22:32 horas , e eu redacto esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 05-10-2018.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións en Vimianzo